



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN PROFESOR INTERINO PARA O CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA (LISTAXE DEFINITIVA E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DO EXAME)

**EXPEDIENTE:** 2019/X999/000696 2019/X999/000933 e 2019/G003/001587

#### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** En data 30.07.2019 a concelleira delegada de cultura emite informe proposta para a contratación dun profesor/a para impartir a disciplina de percusión no conservatorio municipal de música do Concello de Betanzos.

**SEGUNDO.** O 21.10.2019 a alcaldesa emite unha nova providencia de inicio para aprobación das bases que teñen que rexeren a convocatoria e o proceso de selección de persoal interino para contratación dun profesor/a para impartir a disciplina de percusión no Conservatorio de Música do Concello de Betanzos.

**TERCEIRO.** O asesor xurídico municipal emite o seu informe o 03.10.2019.

**CUARTO.** Consta no expediente o borrador de bases que se pretende aprobar. En data 29.10.2019 a interventora municipal emite o seu informe e o 04.11.2019 o secretario emite o seu informe.

**QUINTO.** Mediante resolución de alcaldía de data 04.11.2019 aprobáronse as bases para a cobertura DUNHA PRAZA DE PROFESOR DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE BETANZOS. Esta resolución foi corrixida por erros mediante os decretos de corrección de erros do 29.11.2019 e 13.11.2019, respectivamente.

**SEXTO.** No Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 215, do 12 de novembro de 2019, aparecen publicadas as bases BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PROFESOR DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE BETANZOS.

**SÉTIMO.** Logo da publicidade oportuna expirou o prazo de presentación de solicitudes.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia.
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública (nos preceptos vixentes).
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 130 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

Local.

- O artigo 48 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado por Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro.
- Os artigos 51 e 53 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** De acordo co indicado no punto sétimo das bases aprobadas: “ Admisión de candidatos. Recibidas as solicitudes, procederase, por resolución da Alcaldía, que poderá ser provisional ou definitiva, á admisión dos candidatos presentados.

*Será provisional no caso de que algunha solicitude careza dalgún requisito, para o que se concederán dez días hábiles ao interesado para os efectos da súa emenda.*

*Neste caso transcorrido o prazo de emenda e a resultas deste, a admisión elevarase a definitiva tamén mediante resolución.*

*Oitava.– Tribunal de selección. Será nomeado conforme ao disposto no Texto refundido do Estatuto Básico do Empelado Público polo Sr. Alcalde conxuntamente coa resolución que eleve a definitiva a admisión de presentados.*

*Estará constituído por cinco membros: Presidente e catro vogais, dos que un actuará de Secretario. A composición darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos, podendo ser obxecto das correspondentes recusacións ou abstencións que legalmente procedan. ”*

**SEGUNDA.** Rematado o prazo e analizadas as solicitudes, cómpre publicar a relación provisional/ definitiva e a composición do tribunal.

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde, de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar de forma definitiva/provisional a seguinte relación:

**Aspirantes admitidos:**

Nº rexistro	Nome	Admitidos	Excluídos
20190000001517	Bao Rodríguez Roberto	Si	---
20190000001490	Dapena Cordo David	Si	---
20190000006547	Fernández Fernández Javier	Si	---
20190000001516	Gayoso Taboada Ana	Si	---
20190000001524	López Segura Inés	Si	---
20190000006484	Pascual Royo Marcel	Si	---
20190000001546	Paz Vila Miguel	Si	---
20190000006418	Vázquez Mouzo Juan Antonio	Si	---

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

### Aspirantes excluídos:

Ningún

**SEGUNDO.** Designar como membros do Tribunal que ha de xulgar as correspondentes probas ao indicados na consideración terceira e notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Designar como membros do Tribunal que ha de xulgar as correspondentes probas a:

- **Presidente:** Adrián Juan Márquez Caramés
- Suplente: María Iglesias Nuño
- **Secretario:** Daniel Pereiro Cachaza
- Suplente: Elena Encinas Pena
- Vogal: Francisco Javier Ulloa Arias
- Suplente: Alfredo Erias Martínez
- Vogal: Raúl Galán Cerveró
- Suplente: Marta Porca Vidal
- Vogal: José Miguel Castro Pérez
- Suplente: Teresa Perales Teijo
- Asesor do Tribunal: Luis Rivera Abad
- Suplente: Silvia Muiño Naveira

**TERCEIRO.** Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Concello e na web. Así mesmo quedará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

**CUARTO.-** A realización [do primeiro exercicio/dos exercicios] comezará o día 29 de Xaneiro de 2020, ás 10:00 horas, no Salón Azul do Edificio Arquivo (Praza Galicia, 1, 15300 Betanzos), debendo presentar os aspirantes a documentación identificativa.

**QUINTO.-** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa  
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)  
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

